

BEB

BASES REGULADORAS DO PROGRAMA "DEPO AVENTURA A LANZADA" 2019

A Deputación de Pontevedra leva a cabo a promoción e organización de actividades destinadas á xuventude no ámbito da educación non formal, da inserción sociolaboral, da formación en linguas estranxeiras, do deporte, da cultura, do lecer e do tempo libre, entre outras.

Desde o Servizo de Cohesión Social e Xuventude ponse en marcha o programa "Depo Aventura A Lanzada" 2019 que se desenvolverá a través de campamentos no Centro de Vacacións da Lanzada e cuxos destinatarios son rapazas e rapaces dos concellos da provincia de Pontevedra.

Este programa permite que 2.200 menores empreguen o seu tempo libre no verán participando en actividades de carácter lúdico, cultural, deportivo e formativo que contribúan ao seu enriquecemento persoal e lles faciliten coñecer outros lugares fóra do seu contorno habitual.

Así mesmo a Deputación, de acordo co principio de transversalidade das políticas en materia de diversidade funcional, adoptará todas as medidas pertinentes para asegurar que este colectivo participe, en igualdade de condicións cos demais, nas actividades recreativas, de lecer e de tempo libre, segundo o artigo 30 da Convención Internacional da ONU sobre os dereitos das persoas con discapacidade, así como para facer efectivo o seu dereito á igualdade que se recolle no artigo 7 do Real decreto legislativo 1/2013, de 29 de novembro, que aproba o Texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.

En base ao exposto a Deputación acorda poñer en marcha os campamentos de verán "Depo Aventura A Lanzada" 2019 segundo as seguintes

BASES REGULADORAS

Primeira. Obxecto

A Deputación de Pontevedra, co obxecto de promover e fomentar o desenvolvemento persoal e social das nenas e nenos da provincia de Pontevedra e favorecer a comunicación e o dinamismo multicultural entre eles, organiza o programa "Depo Aventura A Lanzada" 2019.

Este programa lúdico-educativo inclúe o desenvolvemento de actividades ao aire libre relacionadas coa natureza, a lingua inglesa, a arte, a cultura, o deporte e os xogos co fin de colaborar na formación da nosa mocidade.

“Depo Aventura A Lanzada” 2019 oferta 2.200 prazas distribuídas en 11 quendas de campamentos de 7 días de duración, que se desenvolverán entre os meses de xuño e setembro.

En www.depo.gal poderase consultar información detallada sobre o programa de actividades, as quendas e as instalacións onde se executará.

Segunda. Participantes

2.1 Nesta convocatoria poderán participar nenas e nenos que cumpran os seguintes requisitos:

- Ter nacido entre os anos 2006 e 2011 (ambos os dous incluídos)
- Estar empadroadas ou empadroados na provincia de Pontevedra
- Non padecer ningunha enfermidade infecto-contaxiosa en fase activa

Estes requisitos serán condición necesaria para a admisión da solicitude.

2.2 Poderán participar menores en situación de tutela e garda por parte da Administración e aqueles que se atopen tanto en réxime de acollemento residencial coma en atención de día nalgún centro da provincia de Pontevedra.

2.3 No caso de menores que precisen dun apoio específico derivado dalgún tipo de diversidade funcional ou doutra patoloxía esta circunstancia deberá facerse constar no “cuestionario de saúde e autonomía persoal”, detallando do xeito máis preciso posible as súas necesidades.

Se teñen praza adxudicada é necesario poñerse en contacto co Servizo de Inspección Médica enviando un correo electrónico a inspeccionmedica@depo.gal e será o persoal sanitario desta institución provincial quen solicite os informes médicos ou a documentación necesaria para poder valorar as súas necesidades no campamento.

Terceira. Organización das quendas dos campamentos

Os campamentos terán lugar entre o 23 de xuño e o 7 de setembro de 2019. Realizaranse 11 quendas, de 7 días de duración cada unha (de domingo a sábado), nas seguintes datas:

- Primeira quenda: do 23 ao 29 de xuño
- Segunda quenda: do 30 de xuño ao 6 de xullo
- Terceira quenda: do 7 ao 13 de xullo
- Cuarta quenda: do 14 ao 20 de xullo
- Quinta quenda: do 21 ao 27 de xullo

- Sexta quenda: do 28 de xullo ao 3 de agosto
- Sétima quenda: do 4 ao 10 de agosto
- Oitava quenda: do 11 ao 17 de agosto
- Novena quenda: do 18 ao 24 de agosto
- Décima quenda: do 25 ao 31 de agosto
- Undécima quenda: do 1 ao 7 de setembro

A data de realización da última quenda queda condicionada á data de comezo do curso escolar 2019/2020.

Cuarta. Servizos ofertados

As nenas e nenos participantes disporán dos seguintes servizos en cada quenda:

- a) Un programa de actividades socioculturais, recreativas, formativas e de convivencia que posibilite a participación de todas as rapazas e rapaces. Algunha destas actividades impartirase en lingua inglesa.
- b) O aloxamento en tendas de campaña no campamento.
- c) A manutención en réxime de pensión completa.
- d) O material necesario para as actividades.
- e) Un equipo técnico de persoal especializado en animación sociocultural, actividades de tempo libre, actividades náuticas e lingua inglesa. Así mesmo, para o caso de menores con necesidades especiais por razón da súa discapacidade, disporase do persoal de apoio necesario adaptado ás súas características.
- f) Atención sanitaria de primeiros auxilios e seguro de accidentes.

Quinta. Procedementos de participación

O número total de prazas ofertadas para este programa é de 2.200, distribuídas do seguinte xeito:

- 1.885 prazas, que serán adxudicadas polo procedemento xeral.
- 315 prazas, que serán adxudicadas polo procedemento específico: prazas de reserva para menores en situación ou risco de exclusión social.

Deberase optar por participar polo procedemento xeral ou polo procedemento específico, marcando o recadro correspondente no formulario da solicitude, de xeito que quedarán excluídas aquelas solicitudes que se presenten por ambos os dous procedementos.

A. Participación polo procedemento xeral

A.1) Número de prazas

1.885 prazas

A.2) Prezo

O prezo da praza do campamento estímase en 200 euros cada unha, resultado da suma dos gastos necesarios para a execución deste programa, que inclúen persoal de cociña para a preparación de alimentos, mantemento e limpeza de instalacións e os gastos da empresa adxudicataria do servizo de asistencia técnico-educativa e da empresa adxudicataria da subministración de produtos alimenticios, entre outros.

A Deputación subvenciona por este procedemento o 50 % do custo da praza.

O importe do pagamento final, que deberá efectuar a persoa interesada é de:

- 100 euros por praza.
- 80 euros por praza para menores de familia numerosa (desconto do 20 % sobre o prezo). Para que se lles aplique este desconto as persoas solicitantes deberán marcar no cadro correspondente do formulario de solicitude que teñen o título de familia numerosa e achegar o documento acreditativo (no caso de non presentalo non se aplicará o desconto).

Estes prezos inclúen:

- Aloxamento e manutención
- Todas as actividades do campamento, incluídas as que se fagan en inglés
- Seguro
- Excursións

A.3) Adxudicación das prazas

A adxudicación das prazas, tanto neste procedemento coma no específico, realizarase por sorteo, a través de medios informáticos e do seguinte xeito:

- Cubriranse as 200 prazas de cada unha das quendas (100 nenas e 100 nenos)

- Confeccionarase unha lista de agarda

Na páxina web da institución provincial publicarase o seguinte:

- O anuncio do lugar, día e hora de realización do sorteo público
- O resultado do sorteo coa lista de menores con praza adxudicada para cada quenda e a lista das 100 primeiras persoas de agarda para cada quenda

O resultado do sorteo notificaráselles, para efectos informativos, mediante unha mensaxe SMS de cortesía, ao móbil das persoas con praza adxudicada para que efectúen o pagamento; non obstante estarán obrigadas a consultar a súa situación na lista que se publique na páxina web.

Se non se efectúa o pagamento no prazo establecido perderase o dereito á praza.

Non se permite a cesión da praza adxudicada a terceiras persoas.

O sorteo rexerese por un algoritmo do programa informático no que se terá en conta o seguinte:

1. Daráselles prioridade ás nenas e nenos que non asistiron ao campamento no verán do ano 2018.
2. Asignaranse en cada quenda 100 prazas para nenas e outras 100 para nenos. De non existir cota suficiente para cubrilas farase a través de múltiplos de cinco, por exemplo: 90/110, 95/105.
3. Co obxectivo de favorecer a conciliación familiar, cando unha ou un menor que non participase o ano anterior obteña praza, as e os irmáns incluídos na mesma solicitude tamén obterán praza na mesma quenda aínda que xa estivesen o ano anterior; agora ben, se a ou o menor que non participou o ano anterior obtén praza este ano e non acode ao campamento, ben por non facer o pagamento no período establecido ou ben por presentar a renuncia sen motivo xustificoado, penalizaráselle para os efectos de non volver darlle de novo prioridade na solicitude do ano seguinte por non asistir o ano anterior.
4. Cota por concello: as prazas asignadas a cada concello serán proporcionais á súa poboación, segundo os datos obtidos do Instituto Nacional de Estatística (INE) do censo do ano 2018, de acordo coa repartición que se detalla no anexo I destas bases.

B. Participación polo procedemento específico: prazas de reserva para a súa inclusión

B.1) Número de prazas

315 prazas repartidas do seguinte xeito:

- 260 prazas de reserva para menores en situación ou risco de exclusión social dos concellos da provincia de Pontevedra

As persoas destinatarias destas prazas serán menores dos concellos da provincia de Pontevedra usuarias ou usuarios dos servizos sociais do seu concello como participantes nalgún dos programas e servizos básicos relacionados no artigo 9 do Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

As persoas solicitantes por este procedemento presentarán a súa solicitude na forma e no prazo establecidos nestas bases e deberán:

1. Sinalar no formulario de solicitude a opción "Procedemento específico: prazas de reserva para a inclusión" e, dentro deste apartado, "Menores dos concellos da provincia de Pontevedra".
2. Ademais de achegar a correspondente documentación solicitarlle á traballadora ou traballador social do seu concello que emita a valoración social.

Os servizos sociais comunitarios municipais dos concellos da provincia de Pontevedra, nun prazo máximo de 15 días naturais desde a finalización do prazo para a presentación das solicitudes, entregarán no rexistro, por calquera dos medios previstos na lexislación vixente, a seguinte documentación:

- a) Valoracións sociais solicitadas polas persoas interesadas, baremadas segundo o modelo oficial
- b) Relación nominal por orde de puntuación das persoas solicitantes desta modalidade

- 40 prazas de reserva asignadas a menores do Centro Príncipe Felipe dependente da Deputación de Pontevedra

As persoas solicitantes por esta modalidade presentarán a súa solicitude na forma e no prazo establecidos nestas bases e deberán:

1. Sinalar no formulario a opción "Procedemento específico: prazas de reserva para inclusión" e, dentro deste apartado, "Menores do Centro Príncipe Felipe".
2. Achegar, xunto coa demais documentación, un certificado expedido pola dirección do centro que acredite que durante o período 2019-2020 están en situación de internamento.

- 15 prazas para menores en situación de tutela e garda administrativa doutros centros da provincia de Pontevedra

As persoas solicitantes desta modalidade presentarán a súa solicitude na forma e no prazo establecidos nestas bases e deberán:

1. Sinalar no formulario a opción "Procedemento específico: prazas de reserva para inclusión" e, dentro deste apartado, "Menores en situación de tutela ou garda administrativa doutros centros de provincia de Pontevedra".
2. Achegar, xunto coa demais documentación, un certificado expedido pola dirección do centro que acredite que durante o período 2018-2019 están en situación de internamento.

B.2) Prezo

Co fin de acadar a igualdade de oportunidades a institución provincial subvencionará o 100 % do prezo da praza para promover a inclusión social das e dos menores da provincia de Pontevedra.

B.3) Adxudicación das prazas

A adxudicación das prazas de reserva para inclusión, subvencionadas polo procedemento específico, realizarase do seguinte xeito:

1. Por adxudicación directa, no caso de que a demanda non superase o número de prazas dispoñibles (315 prazas).
2. Se o número de solicitudes superase o ofertado seguirase o seguinte procedemento:
 - 2.1 As solicitudes de praza de reserva asignadas a menores do Centro Príncipe Felipe, dependente da Deputación de Pontevedra, adxudicaranse de forma directa.

As prazas que queden sen cubrir reasignaranse para dar maior cobertura a:

- En primeiro lugar, a menores en situación de tutela e garda administrativa doutros centros da provincia de Pontevedra.
- En segundo lugar, prazas de reserva dos concellos, seguindo a puntuación das valoracións sociais, independentemente do concello de procedencia. No caso de empate prevalecerán os concellos con maior demanda de solicitudes, tendo en conta as nenas e nenos que non asistiron no ano 2018 ao campamento.

2.2 As solicitudes de praza de reserva asignadas para menores en situación de tutela e garda administrativa doutros centros da provincia de Pontevedra adxudicaranse por sorteo, segundo a cota establecida.

As prazas que queden sen cubrir reasignaranse para dar maior cobertura ás prazas de reserva dos concellos, seguindo a puntuación das valoracións sociais independentemente do concello de

procedencia. No caso de empate, prevalecerán os concellos con maior demanda de solicitudes, tendo en conta as nenas e nenos que non asistiron no ano 2018 ao campamento.

2.3 As solicitudes de praza de reserva para menores en situación ou risco de exclusión social dos concellos da provincia de Pontevedra (atendendo ás cotas establecidas segundo a poboación) adxudicaranse de forma directa seguindo o modelo de relación nominal confeccionado polos servizos sociais comunitarios municipais.

As prazas que queden sen cubrir reasignaranse para dar maior cobertura ás prazas de reserva doutros concellos, seguindo a puntuación das valoracións sociais, independentemente do concello de procedencia. No caso de empate, prevalecerán os concellos con maior demanda de solicitudes, tendo en conta as nenas e nenos que non asistiron no ano 2018 ao campamento.

No caso de quedar prazas vacantes correspondentes ao procedemento específico, estas reasignaranse e adxudicaranse a través do procedemento xeral.

Sexta. Modalidades de solicitudes

6.1 As solicitudes para poder participar no programa poderán ser individuais ou múltiples:

- Solicitud individual

No caso de irmás ou irmáns que queiran ir en quendas diferentes deberase presentar unha solicitude para cada un deles; deste xeito entrarían por separado no sorteo para adxudicar a praza e para xerar listas de agarda. Non se poderá garantir que, de conseguir praza, saian en quendas diferentes.

- Solicitud múltiple

No caso de irmás ou irmáns que queiran ir na mesma quenda deberán presentar unha única solicitude cos datos de todos. As e os menores que convivan no domicilio en situación de acollemento familiar tamén se poderán incluír na solicitude múltiple, e a súa situación equipararase á das e dos irmáns.

Estas solicitudes múltiples teñen efecto durante o sorteo para adxudicar a praza e para xerar listas de agarda.

Sétima. Presentación de solicitudes e modalidades

7.1 As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>, que, unha vez cuberto, xerará a solicitude en PDF que se deberá gardar para a presentar na Sede Electrónica.

Para a presentación das solicitudes a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNI-e).

7.2 Opcionalmente, poderán presentarse as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra que, unha vez cuberto, xerará a solicitude en PDF que deberá imprimirse e asinarse para a súa presentación presencial.

Oitava. Comprobación de datos

8.1 Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- NIF das e dos menores solicitantes
- NIF da nai, pai ou persoa titora das e dos menores solicitantes
- Certificado de residencia das persoas menores solicitantes

No caso de que as persoas interesadas se opoñan ás devanditas consultas deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

8.2 A facultade de oposición ás consultas, no caso de persoas interesadas menores de idade, deberá formalizala a ou o proxenitor, titora ou titor ou representante legal.

Novena. Documentación

9.1 As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación, segundo corresponda:

1. Modelo de solicitude normalizado cuberto (anexo I)
2. Libro de familia no caso de que las o los menores solicitantes non dispoñan de DNI ou de NIE
3. No caso de menores estranxeiros, copia compulsada do permiso legal de residencia ou documento análogo
4. Acreditación de familia numerosa (se se acolle ao desconto do prezo establecido nas bases)

5. Cuestionario de saúde e autonomía persoal, que figura coa solicitude, con todos os puntos debidamente cubertos e asinado

Non se prestará ningún tipo de atención relativa a alerxias ou intolerancias alimentarias, así como apoio específico derivado dalgún tipo de diversidade funcional ou doutra patoloxía que non se indique neste cuestionario ou nos documentos complementarios que se xunten á solicitude.

6. Se é o caso, certificado acreditativo do grao de discapacidade e copia do ditame médico facultativo emitido polo equipo de valoración e orientación (EVO) correspondente
7. Certificado expedido pola dirección do Centro que acredite que durante o período 2019-2020 a ou o menor está en situación de internamento

9.2 Documentación que lle debe remitir ao Servizo de Inspección Médica a Deputación de Pontevedra (inspeccionmedica@depo.gal), no caso de resultar beneficiaria ou beneficiario do programa e o menor padeza algunha patoloxía, precise tratamento farmacolóxico ou terapia específica:

- Informe de saúde da ou do especialista que proceda, no que se indique a patoloxía, o tratamento farmacolóxico ou a terapia que precisa, e no que se faga constar que a súa condición médica lle permite asistir ao campamento.

No caso de que se detecten ou diagnostiquen enfermidades, alerxias ou intolerancias alimentarias entre a data de presentación das solicitudes e a data de incorporación ao campamento, será necesario poñerse en contacto co Servizo de Inspección Médica, a través do enderezo de correo electrónico inspeccionmedica@depo.gal, e será o persoal sanitario o que solicite o correspondente informe de saúde.

9.3 Todas as persoas beneficiarias do programa deberán levar o primeiro día do campamento:

- Tarxeta sanitaria orixinal ou seguro médico privado

Décima. Prazo de presentación de solicitudes

10.1 O prazo de presentación das solicitudes será de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO).

Se o último día do prazo coincidise en festivo prorrogarase ata o seguinte día hábil.

Décimo primeira. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda das solicitudes

11.1 Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento realizaranse preferiblemente por medios electrónicos a través do modelo "instancia xenérica" dispoñible na Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>.

Opcionalmente, tamén poderán tramitarse presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

11.2 Se a solicitude non reúne os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no seu artigo 68, que nun prazo de 10 días hábiles emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, indicándolle que, no caso de non facelo, se terá por desistida da súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

Décimo segunda. Relación de persoas admitidas ao sorteo

12.1 Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, publicaranse no BOPPO, de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a relación de persoas admitidas e excluídas, xunto coas causas da súa exclusión, para participar no sorteo.

12.2 No modelo de solicitude do programa habilitarase un campo para que as persoas solicitantes que así o autoricen indiquen o número de teléfono móbil no que recibir avisos relacionados co programa a través do envío dunha mensaxe de texto.

12.3 A Deputación enviará unha mensaxe SMS de cortesía ao teléfono móbil de todas as persoas solicitantes. Esa mensaxe comunicará un código de acceso ao enlace habilitado para a consulta e a revisión dos datos da súa solicitude.

12.4 Coa publicación da lista provisional na mesma web indícarase o prazo que se concede para emendar os erros da solicitude, para achegar a documentación que falte e sexa requirida, para comunicar os erros que se detecten nos datos mecanizados ou para denunciar que unha solicitude non foi publicada.

12.5 Unha vez finalizado o prazo para emendar as solicitudes publicarase a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas para participaren no sorteo fixándose a data deste.

12.6 Segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, a identificación das persoas admitidas e excluídas realizarase exclusivamente mediante os seus nomes e apelidos.

Décimo terceira. Pagamento

Realizado o sorteo de adxudicación de prazas, a forma, o prazo e os lugares para realizar o pagamento publicaranse na páxina web da Deputación de Pontevedra, www.depo.gal, xunto cos recibos de pagamento, que estarán dispoñibles nas 48 horas seguintes.

Os recibos serán individualizados para cada menor; tamén no caso de irmás ou irmáns que obtivesen praza.

A persoa responsable da ou do menor recibirá unha mensaxe SMS de cortesía no seu teléfono móbil coas claves para acceder e descargar os recibos.

Se non se reciben as claves no móbil as persoas beneficiarias estarán obrigadas a solicitalas e proceder ao pagamento dentro do prazo publicado na páxina web.

No caso de non facer efectivo este pagamento no prazo establecido no recibo perderase o dereito á praza obtida, que pasará a ocupar outra persoa da lista de agarda.

Décimo cuarta. Lista de agarda

Na relación de agarda non se terá en conta a cota correspondente a cada concello.

As vacantes que se produzan por non efectuar o pagamento no prazo establecido ou por renunciar á praza obtida no sorteo adxudicaráselles ás e aos menores da lista de agarda, tendo en conta que a baixa dunha nena se cubrirá con outra nena e a baixa dun neno se cubrirá con outro neno.

No caso de solicitudes múltiples, ofreceráselles praza cando as vacantes coincidan tanto en número coma en xénero cos membros incluídos nesta; de non ser así, chamaríanse as e os membros da seguinte solicitude que cumpran todos os requisitos das prazas vacantes.

A medida que se produzan as vacantes a Deputación contactará coas persoas solicitantes incluídas na lista de agarda mediante unha mensaxe SMS que enviará ao teléfono móbil facilitado na instancia.

Na mesma mensaxe indícarase o prazo que se concede para, no seu caso, efectuar o pagamento da praza do campamento.

Se renuncia a persoa que se chamou ou se non efectúa o pagamento no prazo establecido, darase de baixa e contactarase coa seguinte persoa da lista de agarda á que lle corresponda a praza vacante.

Décimo quinta. Devolución da cota

Para ter dereito á devolución da cota aboada pola praza adxudicada a persoa interesada deberá solicitar por escrito a renuncia á praza e a devolución.

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado de "instancia xenérica" dispoñible na Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>. Opcionalmente, poderán presentarse as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible a través da Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra.

Só se terá dereito á devolución do importe da cota de inscrición:

1. No caso de impedimento da persoa interesada para asistir á actividade por algún dos seguintes motivos debidamente xustificados:

- Enfermidade, accidente ou outros (deberá achegar o correspondente xustificante médico)
- Motivos familiares, enfermidade ou accidente grave dunha ou dun familiar, falecemento ou outros (deberá achegar xustificación do motivo)
- Admisión noutra actividade nas mesmas datas (deberá achegar o xustificante de pagamento)

Sen prexuízo de que a renuncia teña que presentarse coas modalidades indicadas, coa maior brevidade posible, a persoa interesada deberá comunicarllo ao Servizo de Cohesión Social e Xuventude, por teléfono ou por correo electrónico ao enderezo cohesionsocialexuventude@depo.gal, co fin de que a Deputación poida realizar as xestións de adxudicación desa praza á seguinte persoa da lista de agarda.

A presentación da solicitude de devolución da cota de inscrición deberase efectuar en canto se produza algún destes motivos que xustifican a renuncia, para o que se achegará o correspondente xustificante.

2. No caso de que non se preste o servizo por causas non imputables á persoa interesada ou se anule a actividade por parte da Administración:

Neste suposto a presentación da solicitude de devolución da cota de inscrición deberase efectuar no prazo de 20 días naturais, contados a partir do día no que a Deputación comunique as causas da non prestación do servizo.

Para estes efectos as persoas interesadas dispoñen dun modelo normalizado de solicitude de devolución de cota de inscrición, que poderá descargarse na Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra.

Non se admitirán as solicitudes de devolución da cota que non se presenten na forma que se reflicte nesta base.

Décimo sexta. Obrigas das persoas participantes

As persoas participantes nos campamentos estarán obrigadas a:

1. Cumprir os horarios de incorporación e saída do campamento.

O horario de entrada será das 10 ás 11 horas do día de inicio de cada quenda. Non se admitirán participantes despois deste límite horario, a excepción de que exista unha razón debidamente xustificada, acreditada previamente e valorada polo Servizo de Cohesión Social e Xuventude.

A saída do campamento producirase ás 10 horas e será responsabilidade da nai, pai ou persoa que exerza a titoría legal da ou do menor o día que finalice a quenda correspondente.

As nenas e nenos que tendo praza adxudicada non acudan ao campamento na quenda que lles corresponda e non o comuniquen poderán quedar excluídos de vindeiros sorteos, ante o impedimento de incorporar a este outras ou outros menores que figuren na lista de agarda.

2. Non abandonar a actividade sen o permiso da persoa responsable. En todo caso, o abandono da actividade antes da súa finalización requirirá a comparecencia da nai, pai ou persoa titora, e será responsabilidade destas o traslado para o regreso ao seu domicilio, así como os gastos que este ocasionen.

3. Respetar as normas establecidas polos equipos de animación e as de réxime interno das instalacións

Décimo sétima. Protección de datos

Os datos persoais obtidos nestes procedementos serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou do exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado "normativa

aplicable" dispoñible na ficha do procedemento en <https://sede.depo.gal> e o consentimento explícito das persoas interesadas.

Os datos persoais obtidos nestes procedemento serán obxecto de comunicación: ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia e ao público xeral dada a publicación de actos prevista.

De acordo coas garantías e límites da Lei orgánica de protección de datos de carácter persoal as persoas interesadas no procedemento poderán consultar as listas provisionais e definitivas desagregadas de todo tipo de circunstancia persoal.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-dedatos/exercicio-de-dereitos>.

Decimo oitava. Autorización para a difusión de imaxes

Co fin de lograr a difusión efectiva deste programa para as vindeiras convocatorias e co obxectivo de garantir os principios de transparencia, accesibilidade da información e veracidade (artigo 2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno), poderán recollese experiencias e fotografías das instalacións e das persoas participantes, que poderán ser empregadas para noticias contidas en xornais ou publicacións e divulgadas tanto nos portais web da Deputación de Pontevedra coma nas súas redes sociais.

No formulario de solicitude as e os representantes legais (nais, pais, titoras ou titores) das e dos menores solicitantes poderán autorizar ou denegar, expresamente, a toma de imaxes das actividades que se realicen nos mencionados campamentos (que se incorporarán ao ficheiro da Deputación), a publicar estas imaxes para a promoción e difusión do propio programa de campamentos e a utilizar o teléfono móbil e o correo electrónico como forma de contacto, aviso e comunicación por parte da institución provincial.

No caso de que as ou os representantes legais das persoas beneficiarias marquen expresamente a opción de que non autorizan a captación, reprodución ou publicación de fotografías, a Deputación, de forma coordinada coa empresa que xestione a actividade dos campamentos, tomará as medidas pertinentes para velar pola protección da imaxe destas nenas e nenos.

Décimo novena. Orzamento

O orzamento consignado no Servizo de Cohesión Social e Xuventude para gastos directos do programa "Depo Aventura A Lanzada" 2019 é de douscentos corenta e oito mil (248.000,00) euros, e nel constan as seguintes consignacións:

19/231.3370.221.05 produtos alimenticios: 88.000,00 €

19/231.3370.227.20 traballos realizados por outras empresas: 160.000,00 €

Ademais, existirán outros gastos indirectos, entre os que se atopan os da contratación de persoal, que se asumirán en función da demanda e que poderán ser xestionados ben por medios propios da Deputación ou ben realizando as contratacións que se consideren necesarias nos termos previstos na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

Vixésima. Interpretación das bases

Todas as cuestións que poidan derivar da interpretación destas bases serán resoltas polo Servizo de Cohesión Social e Xuventude.

Vixésimo primeira. Lexislación aplicable

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións
- Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local
- Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público
- Real decreto legislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social
- Bases de execución do vixente Orzamento provincial

ANEXO II

DISTRIBUCIÓN DE PRAZAS ASIGNADAS A CADA CONCELLO EN FUNCIÓN DA POBOACIÓN SEGUNDO OS DATOS OFICIAIS DO INSTITUTO NACIONAL DE ESTATÍSTICA PARA O ANO

2019

CONCELLO	POBOACIÓN (INE 2018)	TOTAL DE PRAZAS	PRAZAS POLO PROCEDEMENTO ESPECÍFICO	PRAZAS POLO PROCEDEMENTO XERAL
Arbo	2.637	10	4	6
Barro	3.716	20	4	16
Baiona	12.134	30	4	26
Bueu	12.148	30	4	26
Caldas de Reis	9.860	25	4	21
Cambados	13.814	30	4	26
Campo Lameiro	1.806	10	4	6
Cangas	26.487	65	5	60
Cañiza, A	5.173	25	4	21
Catoira	3.349	20	4	16
Covelo	2.417	10	4	6
Crecente	2.032	10	4	6
Cuntis	4.710	20	4	16
Dozón	1.110	10	4	6
Estrada, A	20.661	65	5	60
Forcarei	3.451	20	4	16
Fornelos de Montes	1.640	10	4	6
Agolada	2.370	10	4	6
Gondomar	14.236	30	4	26
Grove, O	10.700	30	4	26
Guarda, A	10.013	30	4	26
Lalín	20.103	65	5	60
Lama, A	2.430	10	4	6
Marín	24.362	65	5	60
Meaño	5.315	25	4	21
Meis	4.776	20	4	16
Moaña	19.448	30	4	26
Mondariz	4.496	20	4	16
Mondariz-Balneario	618	10	4	6
Moraña	4.200	20	4	16
Mos	15.142	30	4	26
Neves, As	3.892	20	4	16
Nigrán	17.723	30	4	26

Oia	3.018	20	4	16
Pazos de Borbén	2.980	10	4	6
Pontevedra	82.802	200	7	193
Porriño, O	19.740	30	4	26
Portas	2.984	10	4	6
Poio	17.018	30	4	26
Ponteareas	22.854	65	5	60
Ponte Caldelas	5.491	25	4	21
Pontecesures	3.037	20	4	16
Redondela	29.194	65	5	60
Ribadumia	5.069	25	4	21
Rodeiro	2.509	10	4	6
Rosal, O	6.249	25	4	21
Salceda de Caselas	9.146	25	4	21
Salvaterra de Miño	9.691	25	4	21
Sanxenxo	17.212	30	4	26
Silleda	8.698	25	4	21
Soutomaior	7.305	25	4	21
Tomíño	13.464	30	4	26
Tui	16.902	30	4	26
Valga	5.927	25	4	21
Vigo	293.642	300	8	292
Vilaboa	5.954	25	4	21
Vila de Cruces	5.273	25	4	21
Vilagarcía de Arousa	37.519	115	7	108
Vilanova de Arousa	10.352	30	4	26
Illa de Arousa, A	4.958	20	4	16
Cerdedo-Cotobade	5.815	25	4	21

REPARTICIÓN DE PRAZAS POR CONCELLOS

POBOACIÓN MAIOR OU IGUAL A (NÚM. DE HABITANTES)	POBOACIÓN MENOR OU IGUAL A (NÚM. DE HABITANTES)	PRAZAS POLO PROCEDEMENTO XERAL	PRAZAS POLO PROCEDEMENTO ESPECÍFICO (INCLUSIÓN SOCIAL)	TOTAL
0	3.000	6	4	10
3.000	5.000	16	4	20
5.000	10.000	21	4	25
10.000	20.000	26	4	30
20.000	35.000	60	5	65
35.000	80.000	108	7	115
80.000	200.000	193	7	200
200.000		292	8	300